



PLATAFORMA CIDADÁ QUEREMOS GALEGO

Av. De Lugo, 2ª – Entresollado A | Tel. 981 563 885 | Fax. 981 583 782 |
www.queremosgalego.org

AO COIDADADO DO PRESIDENTE DA SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALIZA

Sr Presidente da Sala do Contencioso-administrativo:

No pasado mes de marzo dábase a coñecer a sentenza 89/2016 pronunciada pola Sala do Contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a respecto da Ordenanza de uso do galego no concello de Lugo aprobada por unanimidade do pleno o 3 de setembro de 2013.

Esta sentenza ataca elementos da política de normalización da lingua galega completamente asumidos e apoiados maioritariamente polo pobo galego, como evidencia o feito de seren aprobados e acordados con total unanimidade das forzas políticas con representación institucional.

Entre estes elementos, que a sentenza ataca, están a rotulación en galego das sinalizacións públicas, o carácter de lingua propia e oficial de Galiza e as súas institucións e o dereito a empregar a lingua propia con absoluta normalidade.

Embora a lexislación e acordos favorábeis á lingua galega sexan poucos e limitados, a vontade xeral por repor, rehabilitar e normalizar o noso idioma, fica claramente reflectida en textos como o Estatuto de Autonomía de Galiza, a Lei de Normalización Lingüística, a Lei de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, e mesmo tratados internacionais como a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, ratificada polo Estado Español en 2001, ou outros acordos como a Declaración universal de dereitos lingüísticos.

Cómpre sinalar a ratificación recente de todos estes acordos. No mes de xullo de 2015, a instancias da Mesa pola Normalización Lingüística, todas as forzas parlamentares de Galiza e a maioría das que contan con representación municipal, asinaron a Declaración de unidade a prol da normalización da lingua galega. Nesta declaración todas elas se comprometían co impulso de todos os acordos nacionais e internacionais mencionados.

Xunto con estas consideracións, a sentenza 89/2016 ponlle o carimbo de legalidade e lexitimidade á discriminación de usuarias e usuarios de servizos públicos privatizados

por razón de lingua, ao primar o suposto dereito de descoñecemento do galego por parte das empresas prestadoras de servizos á administración municipal fronte ao dereito a empregalo e ser atendido en igualdade de condicións por parte das e dos cidadáns. Este aspecto contravén ademais o contemplado no parágrafo 3 da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, que sinala o compromiso de "garantir que as linguas rexionais ou minorizadas se empreguen na prestación dun servizo" tanto polas autoridades administrativas como "polas persoas que actúen no seu nome".

A sentenza pronunciada pola súa Sala actúa contra acordos unánimes e amplamente demandados pola sociedade galega, e utiliza prexuízos ideolóxicos e políticos contra a lingua galega e as persoas que queren utilizala, fortalecendo a consideración do galego como un idioma inferior.

Por estes motivos da Plataforma Cidadá Queremos Galego manifestámoslle o noso absoluto rexeitamento a unha sentenza que utiliza o poder xudicial para paralisar un clamor social en Galiza: que a lingua galega e as persoas que lexitimamente queremos vivir en galego no noso propio país, contemos con igualdade real de dereitos e que existan disposicións legais que recoñezan igualdade de dereitos e deberes de utilización e coñecemento.

A Coruña, 14 de abril de 2016.

Asdo. Marcos Maceira Eiras

Portavoz de Queremos Galego